



SI

A Sociedade da Información nas empresas de Galicia

Edición 2014

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia
Presidencia
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Lugar: Santiago de Compostela
Ano: 2014

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Recoñecemento –Compartir
baixo a mesma licenza dispoñible en:

<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

A Sociedade da Información nas empresas de Galicia

Edición 2014

Observatorio da Sociedade da Información e
a Modernización de Galicia

Xunta de Galicia
Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Santiago de Compostela
2014

INDICE

INTRODUCCIÓN	5
I. CARACTERIZACIÓN DO SECTOR EMPRESARIAL GALEGO	7
II. USO DAS TIC E COMERCIO ELECTRÓNICO NAS EMPRESAS GALEGAS	14
II.1. Equipamento e servizos TIC	16
II.2. Internet e Banda larga	32
II.3. Páxina web e redes sociais	40
II.4. Comercio electrónico	47
II.5. Interacción coas Administracións Públicas a través de Internet	50
III. ANÁLISE SECTORIAL	56
IV. ANÁLISE POR PROVINCIAS	71
V. CONCLUSIÓNS	81
ANEXO: DESCRICIÓN CNAES 2009	86

INTRODUCCIÓN

O obxectivo deste estudo é obter elementos de diagnóstico, seguemento e avaliación que permitan determinar a situación e a evolución dos indicadores sobre a Sociedade da Información no tecido empresarial galego.

O Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), foi o responsable de realizar a análise que se presenta neste Diagnóstico sobre o equipamento e uso das TIC nos empresas galegas. Este proxecto forma parte das iniciativas impulsadas pola Axenda Dixital de Galicia.

O estudo analiza en detalle, e cunha perspectiva sectorial e provincial, información cuantitativa tanto de microempresas como de empresas de 10 ou máis traballadores/as, relacionada co equipamento TIC e conectividade a Internet, xestión empresarial a través do uso de ferramentas TIC, dispoñibilidade de páxina web e os crecentes fenómenos das redes sociais e o cloud computing así como outras cuestións relacionadas co comercio electrónico e a interacción coas Administracións Públicas a través de Internet.

Por segundo ano consecutivo, ofrécese información diferenciada para dous segmentos empresariais:

- Empresas con sede en Galicia
- Empresas con actividade en Galicia, aínda que a súa sede non se estableza na Comunidade Galega.

Este diagnóstico inclúe tamén información desagregada segundo o número de empregados/as, actividade económica e análise por provincias. Ademais, a fin de obter un enfoque da evolución dos indicadores e a súa repercusión e avance entre as empresas, inclúense gráficas comparativas daqueles indicadores ou variables máis significativas.

Maior eficiencia e coordinación da actividade estatística

Este estudo foi elaborado no marco do convenio de colaboración, asinado entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), o Instituto Galego de Estatística (IGE) e o Instituto Nacional de Estatística (INE), para optimizar a recollida dos datos

relativos á Sociedade da Información nas empresas galegas.

O acordo de colaboración asinado permite que os datos que ata o ano 2012 recollía o Observatorio, nos seguintes anos procedan da Enquisa de uso TIC e comercio electrónico nas empresas, que realiza o INE e transferidos a través do IGE. Ademáis, o acordo establece a ampliación dos datos que ata o momento publicaba o INE no que se refire a:

Ampliación de datos relativos ás microempresas galegas

Explotación específica realizada polo IGE de datos relativos ao uso do Comercio Electrónico nas empresas galegas

Obtención, a través do IGE, de datos das empresas con sede fóra de Galicia pero que desenvolven parte da súa actividade na nosa Comunidade, ofrecendo datos complementarios aos que actualmente proporciona o INE.

Con este convenio de colaboración evítase a duplicidade de enquisas, o que supón un aforro estimado de máis de 50.000 euros anuais, atendendo aos criterios de máxima eficiencia, eficacia e austeridade na estrutura organizativa da actividade estatística da Administración autonómica.

I. CARACTERIZACIÓN DO SECTOR EMPRESARIAL GALEGO



- ☞ Galicia conta con 205.519 empresas, das que o 95,8% teñen menos de 10 empregados/as.
- ☞ O sector Servizos segue a ser a actividade maioritaria (76,8%).

I. CARACTERIZACIÓN DO SECTOR EMPRESARIAL GALEGO

No presente capítulo amosamos as principais características das empresas galegas, con datos significativos como o tamaño da empresa, a súa actividade empresarial ou a súa condición xurídica.

Os datos da seguinte táboa, extraídos do Directorio de Empresas e unidades locais do Instituto Galego de Estatística (IGE), amosan que no ano 2013 había na Comunidade Galega un total de 205.519 entidades¹ empresariais, das que 4.426 eran empresas que teñen sede fóra de Galicia pero con actividade na nosa Comunidade.

C.1. EMPRESAS CON ACTIVIDADE EN GALICIA

(Total de empresas)

	Sede fóra de Galicia pero con actividade en Galicia	Sede en Galicia	Total – Empresas con actividade en Galicia -
TOTAL	4.426	201.093	205.519
Sen asalariados	1.217	128.017	129.234
De 1 a 2 asalariados / as	997	43.072	44.069
De 3 a 5 asalariados / as	661	16.311	16.972
De 6 a 9 asalariados / as	429	6.234	6.663
De 10 a 19 asalariados / as	423	4.205	4.628
De 20 a 49 asalariados / as	344	2.289	2.633
De 50 a 99 asalariados / as	161	582	743
De 100 a 249 asalariados / as	105	284	389
250 ou máis asalariados / as	89	99	188


Fonte: IGE, Directorio de empresas e unidades locais, 2013.

¹ Nesta estatística exclúense as empresas adicadas ao sector primario (grupo A da CNAE09).

A estrutura empresarial responde a unha importante fragmentación do tecido empresarial, onde as microempresas (de 0 a 9 empregados/as) representan o 95,8% do total galego. Se, ademais, consideramos que o 84,3% delas contan con unha plantilla de 0 a 2 traballadores/as, como amosa a gráfica seguinte, visualízase unha clara imaxe da significación das pequenas empresas como pilar económico da nosa Comunidade.

G.1. ESTRATO DE ASALARIADOS / AS

(% sobre o total de empresas con sede e/ou actividade en Galicia)



Fonte: IGE, Directorio Xeral de empresas e unidades locais, 2013.

Debido á importante fenda existente en función do tamaño da empresa, e como fórmula sistemática ao longo deste informe, consideraremos o tamaño da empresa en dous estratos segundo a súa condición de microempresa (de 0 a 9 traballadores/as, e que supón o 95,8% do total) e as empresas de 10 ou máis traballadores/as (o 4,2% restante).

Analizando a ubicación xeográfica da sede das empresas, destacan as provincias da Coruña (40,9%) e Pontevedra (33,3%) como localizacións maioritarias, tanto no caso das microempresas como de empresas de 10 ou máis traballadores/as.

C.2. ESTRATO DE ASALARIADOS / AS POR PROVINCIA

(Total de empresas)

	MENOS DE 9 TRABALLADORES/AS	10 OU MÁIS TRABALLADORES/AS	TOTAL
A CORUÑA	80.901	3.114	84.015
LUGO	24.244	802	25.046
OURENSE	22.750	747	23.497
PONTEVEDRA	65.739	2.796	68.535
CON SEDE FÓRA DE GALICIA E ACTIVIDADE EN GALICIA	3.304	1.122	4.426
TOTAL	195.935	8.581	205.519

Fonte: IGE, Directorio Xeral de empresas e unidades locais, 2013.

C.3. ESTRATO DE ASALARIADOS / AS POR PROVINCIA

(% Total de empresas)


	MENOS DE 9 TRABALLADORES	10 OU MÁIS TRABALLADORES	TOTAL
A CORUÑA	39,4	1,5	40,9
LUGO	11,8	0,4	12,2
OURENSE	11,1	0,4	11,4
PONTEVEDRA	32,0	1,4	33,3
CON SEDE FÓRA DE GALICIA E ACTIVIDADE EN GALICIA	1,6	0,5	2,2
TOTAL	95,8	4,2	100,0

Fonte: IGE, Directorio Xeral de empresas e unidades locais, 2013.

Tres de cada catro empresas galegas adócanse a actividades relacionadas co sector Servizos (76,8%). O segundo sector empresarial con maior representatividade é a Construción (15,7%), e por último a Industria, que supón un 7,5% do total das empresas galegas.

G.2. ACTIVIDADE PRINCIPAL DA EMPRESA

(% sobre o total de empresas con sede e/ou actividade en Galicia)



Fonte: IGE, Directorio Xeral de empresas e unidades locais, 2013.


	Sede fóra de Galicia pero con actividade en Galicia	Sede en Galicia	Total – Empresas con sede e/ou actividade en Galicia -
TOTAL	4.426	201.093	205.519
INDUSTRIA	349	15.157	15.506
B- Industrias extractivas	11	346	357
C- Industria manufactureira	250	14.109	14.359
D- Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	51	445	496
E - Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e contaminación	37	257	294
F- CONSTRUCCIÓN	348	31.927	32.275
SERVIZOS	3.729	154.009	157.738
G- Comercio por xunto e ao retalho; reparación de vehículos de motor e motocicletas	1.550	53.776	55.323
H - Transporte e almacenamento	240	11.903	12.143
I - Hostalaría	240	22.169	22.409
J - Información e comunicacións	140	2.405	2.545
K - Actividades financeiras e de seguros	185	4.395	4.580
L - Actividades inmobiliarias	90	4.730	4.820
M - Actividades profesionais, científicas e técnicas	499	22.239	22.738
N - Actividades administrativas e servizos auxiliares	382	5.822	6.204
P - Educación	82	4.987	5.066
Q - Actividades sanitarias e de servizos sociais	149	7.330	7.479
R - Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	41	4.081	4.122
S - Outros servizos	131	10.175	10.306

Fonte: IGE, Directorio de empresas e unidades locais, 2013.

Atendendo á condición xurídica das empresas, obsérvase que predominan as conformadas xuridicamente como persoas físicas, cun 55,5% de representación no tecido empresarial galego.

G.3. CONDICIÓ XURÍDICA

(% sobre o total de empresas con sede e/ou actividade en Galicia)




Fonte: IGE, Directorio Xeral de empresas e unidades locais, 2013.

II. USO DAS TIC E COMERCIO ELECTRÓNICO NAS EMPRESAS GALEGAS



- ☞ Tres de cada catro empresas de 10 ou máis traballadores/as e o 63,4% das microempresas con conexión a Internet, conta con banda larga móbil.
- ☞ O crecemento da banda larga móbil foi de 11,4 puntos nas microempresas e de 7,6 puntos nas grandes empresas con sede en Galicia.
- ☞ O uso das redes sociais polas empresas galegas incrementouse ao redor de 9 puntos no último ano e supera a media estatal.
- ☞ A porcentaxe de empresas galegas que venden por Internet supera a media estatal.

Este capítulo aborda as seguintes cuestións relativas á aplicación e uso das novas tecnoloxías no tecido empresarial galego:



Desglosaremos esta información conforme a súa significación segmentando a mostra de empresas en tres estratos:

- Microempresas (de 0 a 9 traballadores / as)
- Empresas de 10 ou máis traballadores / as con sede en Galicia
- E empresas de 10 ou máis traballadores / as con sede e/ou actividade en Galicia.


Tamén se dará conta da evolución para o período 2011 - 2014.

II.1. EQUIPAMENTO E SERVIZOS TIC

Practicamente a totalidade das grandes empresas galegas está equipada con ordenadores mentres que dúas de cada tres microempresas dispoñen deste equipamento básico.

G.4. EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE ORDENADORES

(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE

Considerando a evolución dos datos citados anteriormente, conséntase que o indicador estabilízase no valor máximo para as empresas de 10 ou máis traballadores/as.


No caso das empresas de 0 a 9 traballadores/as redúcese, por primeira vez, en Galicia a porcentaxe de empresas con ordenadores, posiblemente polo incremento doutro tipo de equipamentos ou dispositivos móbiles, en detrimento dos ordenadores. A nivel estatal, as empresas deste tamaño rexistraron un lixeiro incremento de 0,7 puntos porcentuais.

G.5. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que teñen ordenadores

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)



Fonte: INE


Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

G.6. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que teñen ordenadores

Comparación Galicia e España


(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)



Fonte: INE

A disposición de rede de área local (LAN) oscila de xeito importante dependendo do tamaño das empresas: un 23,4% das microempresas ten instalada unha rede de área local, mentres que nas empresas de máis persoal esta porcentaxe multiplícase case por catro, chegando a unha disponibilidad de rede LAN de ata o 85,8% nas que teñen sede ou actividade na nosa Comunidade.

G.7. REDE DE ÁREA LOCAL (LAN) (% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

Este equipamento tecnolóxico de rede de comunicación está estendido de xeito moi semellante nas empresas máis grandes, tanto nas galegas como nas estatais. A pesar da baixa implantación da LAN nas microempresas, este indicador acada un valor moi semellante á media estatal e rexistra un incremento de 0,6 puntos para as galegas fronte aos 0,4 das microempresas de España.

G.8. EVOLUCIÓN DO INDICADOR Empresas que teñen rede de área local (LAN) Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)



Fonte: INE


Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

G.9. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que teñen rede de área local (LAN)

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados / as)




Fonte: INE

Máis da metade do persoal que traballa nas empresas galegas emprega o ordenador, cando menos unha vez á semana. Nas empresas de menor tamaño a utilización do ordenador semanalmente é dun 54%, mentres que nas empresas de maior tamaño que teñen sede ou actividade en Galicia a utilización do ordenador polos traballadores/as da empresa chega ata o 63,9%.

G.10. USO DE ORDENADORES CANDO MENOS UNHA VEZ POR SEMANA


(% sobre o persoal da empresa)



Fonte: INE

Facendo unha análise do uso de Internet a través dos ordenadores, cando menos unha vez por semana, obsérvase un feito salientable que xa se salientaba en edicións precedentes: É maior o uso de Internet nas microempresas galegas (51,1%) respecto das que teñen 10 ou máis traballadores / as (45,5%). Este comportamento pode estar vinculado á existencia de un maior número de empregados/as nas empresas galegas que realizan tarefas nas cadeas de produción, que non requiren un uso específico de Internet.


G.11. USO DE ORDENADORES CONECTADOS A INTERNET UNHA VEZ POR SEMANA
(% sobre o persoal da empresa)



Fonte: INE

A dispoñibilidade de dispositivos portátiles para conectarse a Internet con finalidade empresarial está moi relacionada coa localización da sede da empresa e co tamaño da empresa. Nas empresas máis grandes con sede e/ou actividade en Galicia este porcentaxe é dun 22,8% e redúcese, practicamente á metade, no caso das empresas máis pequenas, de 0 a 9 traballadores / as (10,5%).

G.12. PERSOAL AO QUE SE LLE PROPORCIONOU UN DISPOSITIVO PORTÁTIL QUE PERMITÍA A CONEXIÓN MÓBIL A INTERNET PARA USO EMPRESARIAL
(% sobre o total de persoal)




Fonte: INE

Un dato clave do avance tecnolóxico do tecido empresarial galego é o emprego de Software Libre. Como veremos, o incremento é considerable pero a porcentaxe do ano 2014 é significativa por si mesma: máis da metade das empresas de 0 a 9 traballadores / as manexan algunha tipoloxía de software de código aberto. Nas empresas con máis persoal, esta porcentaxe aumenta ata o 85% nas que teñen sede en Galicia, e ata o 83,4% nas que teñen sede e / ou actividade en Galicia.

G.13. EMPRESAS QUE EMPREGABAN ALGUNHA TIPOLOXÍA DE SOFTWARE DE CÓDIGO ABERTO

(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE

Durante o ano 2014 incrementouse de xeito importante o uso de software de código aberto. Nas empresas de 10 ou máis traballadores / as con actividade en Galicia a porcentaxe de utilización de software de código aberto aumentou 7,7 puntos porcentuais, e nas empresas con sede ubicada en Galicia o incremento é de 10,6 puntos. O aumento do uso de Software Libre a nivel estatal é aínda maior, experimentando un incremento de 15,1 puntos.


Nas microempresas galegas tamén aumentou o uso de programas de código aberto, 6,9 puntos porcentuais máis. Esta tendencia repítese nas empresas estatais do mesmo tamaño, de 0 a 9 traballadores / as, onde subiu 11,5 puntos.

G.14. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que empregaban algunha tipoloxía de software de código aberto

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)



Fonte: INE

Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013


Nota: non hai datos para o ano 2010

G.15. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que empregaban algunha tipoloxía de software de código aberto

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: INE

Ao redor de tres de cada catro empresas de 10 ou máis traballadores/as galegas emprega sinatura dixital como método de seguridade nas comunicacións empresariais.

G.16. SINATURA DIXITAL¹

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as con conexión a Internet)



Fonte: INE

(1) Nota: Non existe dato para microempresas


Durante o ano 2014 apenas se producen variacións no emprego da sinatura dixital nas comunicacións empresariais en relación co ano anterior. Non obstante, cabe salientar que as grandes empresas galegas superan a media estatal que mesmo experimentou un descenso de 1,5 puntos respecto ao ano anterior.

G.17. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que utilizaron sinatura dixital nalgunha comunicación enviada pola súa empresa

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as e con conexión a Internet)




Fonte: INE

Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

En canto aos usos propiamente ditos da sinatura dixital, o máis estendido nas empresas de 10 ou máis traballadores/as, é para establecer comunicacións coa Administración Pública mentres que o uso deste tipo de tecnoloxía de seguridade para relacionarse con clientes ou provedores é o menos frecuente.

G.18. USOS DA SINATURA DIXITAL
(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

O tamaño da empresa inflúe de xeito decisivo na compra de solucións de Cloud Computing. Un 3,5% das microempresas compraron este tipo de solucións, elevándose a porcentaxe nas empresas máis grandes con sede e/ou actividade en Galicia ata o 15,8%.

G.19. COMPRA DE SOLUCIÓNS DE CLOUD COMPUTING

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

As dúas solucións de Cloud Computing que máis compraron as empresas galegas foron o almacenamento de ficheiros, servidor de bases de datos e o correo electrónico. O tamaño da empresa inflúe no tipo de aplicacións empregadas, xa que nas microempresas a compra de solucións Cloud para o e-mail é dun 80,5%, mentres que nas de máis traballadores/as sitúase nun 63%. Aínda máis acusada é a diferenza na solución como servidor de bases de datos: 74,7% das microempresas e 37,2% das grandes empresas con sede en Galicia.

G.20. SOLUCIÓNS DE CLOUD COMPUTING: desglose

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

O tamaño da empresa é igualmente un factor decisivo que inflúe na decisión de comprar ou non solucións de Cloud Computing: nas microempresas, as dúas principais barreiras son o temor a ter fendas de seguridade (38,4%) xunto coas dificultades para anular a subscripción ou cambiar o servidor que dispoñen actualmente (35,8%).

Nas empresas máis grandes, con 10 ou máis traballadores / as, aluden a outras problemáticas para a compra desta tecnoloxía, como a incertidume sobre a lexislación aplicable ou dúbidas acerca da xurisdicción competente xunto co descoñecemento sobre onde se atopan os datos.

G.21. BARRERAS DE COMPRA DE SOLUCIÓNS CLOUD COMPUTING


(% sobre o total de empresas e con conexión a Internet)



Fonte: INE


Unha de cada catro empresas de 10 e máis traballadores/as con actividade en Galicia enviou facturas electrónicas. Tanto no caso de recepción como de envío de efacturas, as grandes empresas galegas superan a media estatal.

G.22. EMPRESAS QUE RECIBIRON FACTURAS ELECTRÓNICAS (% sobre o total de empresas)



Fonte: INE


G.23. EMPRESAS QUE ENVIARON FACTURAS ELECTRÓNICAS (% sobre o total de empresas con factura electrónica)



Fonte: INE

Nas empresas de 10 ou máis traballadores/as empréganse cada vez máis os sistemas de planificación de recursos empresariais (ferramentas ERP) nos que se controlan as finanzas, compras, vendas, procesos de fabricación e inventarios de produtos. O uso deste tipo de software acada un 41,7% no caso das entidades que teñen actividade en Galicia.

G.24. EMPRESAS QUE DISPOÑÍAN DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS ERP PARA COMPARTIR INFORMACIÓN SOBRE COMPRAS / VENDAS CON OUTRAS ÁREAS DA EMPRESA¹
(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

(1) Non existen datos para microempresas

Durante o ano 2014 prodúcese un crecemento do emprego destas ferramentas ERP nas grandes empresas: no caso das empresas estatais este aumento de ferramentas xerenciais foi de 4,9 puntos porcentuais; nas empresas con sede en Galicia a subida de uso do ERP é de 6,4 puntos porcentuais.

G.25. EVOLUCIÓN DO INDICADOR
Empresas que dispoñían de ferramentas informáticas ERP
Comparación Galicia e España
(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)




Fonte: INE

Nota: Non dispoñibles datos do ano 2011 nin de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

As ferramentas CRM permiten ter relacionada toda a información dos clientes e empregala para a xestión das vendas. A súa importancia para desenvolver accións dirixidas a ofrecer servizos e solucións concretas pode ser unha das razóns polas que o seu uso aumentou nas empresas durante ano 2014. Nas empresas estatais este incremento foi de 5,6 puntos porcentuais, semellante ao aumento experimentado polas empresas con sede en Galicia (5,4 puntos).

G.26. EMPRESAS QUE DISPOÑÍAN DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS CRM PARA XESTIONAR INFORMACIÓN DE CLIENTES¹

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

(1) Non existen datos para microempresas

G.27. EMPRESAS QUE DISPOÑÍAN DE FERRAMENTAS CRM

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)




Fonte: INE-IGE

Nota: Non dispoñibles datos do ano 2011 nin de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

As empresas con máis persoal son as que máis actividades formativas proporcionan aos seus empregados/as. O crecemento das actividades formativas en TIC durante o ano 2014 foi maior nas grandes empresas galegas que nas estatais así a media estatal medrou 2,7 puntos porcentuais, mentres que nas empresas con actividade en Galicia este incremento supuxo uns 6,7 puntos máis que no ano 2013. Isto permitiu que as grandes empresas con actividade en Galicia superen á media estatal en actividades formativas TIC.

G.28. ACTIVIDADES FORMATIVAS TIC AOS SEUS EMPREGADOS / AS (% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

G.29. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que proporcionaron actividades formativas TIC aos seus empregados / as

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)




Fonte: INE

Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

Nas microempresas galegas a porcentaxe de formación proporcionada aos traballadores/as durante o ano 2014 diminuíu, de xeito semellante ao que aconteceu coas empresas estatais, onde tamén existiu un descenso na formación TIC de empregados/as que traballan en microempresas.


G.30. EVOLUCIÓN DO INDICADOR
Empresas que proporcionaron actividades formativas TIC aos seus empregados / as
Comparación Galicia e España
 (% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)



Fonte: INE

Se se analizan os destinatarios destas actividades formativas TIC, maioritariamente dirixíronse ao persoal usuario, independentemente do tamaño da empresa.

G.31. ACTIVIDADES FORMATIVAS TIC AOS SEUS EMPREGADOS / AS
 (% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

II.2. INTERNET E BANDA LARGA

A práctica totalidade das empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as ten acceso a Internet contratado; mentres que nas microempresas esta porcentaxe é dun 62,7%.

G.32. ACCESO A INTERNET CONTRATADO
(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

Debido á elevada porcentaxe de Internet contratado nas grandes empresas, as diferenzas percibidas respecto ao ano anterior apenas son significativas. Non obstante, hai que salientar un dato negativo no que se refire ás empresas galegas de 0 a 9 traballadores/as, que sufriron un descenso de 2,2 puntos porcentuais na contratación de Internet e que sitúan a fenda coa media estatal en 5 puntos porcentuais.

G.33. EVOLUCIÓN DO INDICADOR
Empresas que teñen acceso a Internet contratado
Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)



Fonte: INE


Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

G.34. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que teñen acceso a Internet contratado

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados / as)




Fonte: INE

Ao redor do 60% das empresas de 10 ou máis empregados/as proporcionaron ao seu persoal acceso remoto ao correo electrónico, documentos ou aplicacións da empresa a través de Internet fixa, sen fíos ou móbil. Nas microempresas esta porcentaxe resulta significativamente inferior, cun 17,3%

G.35. EMPRESAS QUE PROPORCIONABAN AOS SEUS EMPREGADOS / AS ACCESO REMOTO AO CORREO ELECTRÓNICO, DOCUMENTOS OU APLICACIÓNS DA EMPRESA, MEDIANTE CONEXIÓN A INTERNET FIXA, SEN FÍOS OU MÓBIL

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

Durante o ano 2014 a práctica totalidade das empresas galegas con conexión a Internet dispoñía de banda larga, e pódese concluír que todas as empresas con conexión a Internet, xa acceden a través de solucións de calidade.

G.36. ACCESO A INTERNET CONTRATADO A TRAVÉS DE BANDA LARGA

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

G.37. ACCESO A INTERNET CONTRATADO A TRAVÉS DE BANDA LARGA. EVOLUCIÓN

Empresas que teñen contratado Internet a través de Banda Larga Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0-9 empregados/as con conexión a Internet)




Fonte: INE

Empresas que teñen contratado Internet a través de Banda Larga

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as con conexión a Internet)




Fonte: INE

Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

O acceso a Internet mediante a Banda Larga móbil xa está presente en tres de cada catro empresas de 10 ou máis traballadores/as. Nas microempresas o indicador é tamén moi positivo, cun 63,4% de microempresas con Internet que xa contratan banda larga móbil.

G.38. ACCESO A INTERNET CONTRATADO A TRAVÉS DE BANDA LARGA MÓBIL
(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

Na gráfica inferior pódese ver a evolución das empresas de 10 ou máis traballadores / as respecto á contratación de Banda Larga móbil. Destaca o feito de que o maior crecemento produciuse nas empresas que teñen sede e actividade en Galicia, cun incremento de 7,6 puntos porcentuais. Nas que teñen actividade en Galicia pero sede fóra o crecemento foi de 6,2 puntos; a media estatal experimentou un incremento inferior (4,7 puntos porcentuais).

G.39. EVOLUCIÓN DO INDICADOR
Empresas que teñen contratado Internet a través de Banda Larga Móbil
Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados /as con conexión a Internet)



Fonte: INE


Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

Nas microempresas obsérvase un maior crecemento na contratación de Internet a través de Banda Larga móbil. Nas microempresas galegas aumenta 11,4 puntos porcentuais fronte aos 9,6 puntos das españolas do mesmo tamaño. Isto permitiu reducir a fenda de 4,8 a 3 puntos.

G.40. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que teñen contratado Internet a través de Banda Larga Móbil Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as con conexión a Internet)




Fonte: INE

Catro de cada dez microempresas con conexión á Rede teñen contratado velocidades de acceso a Internet maiores a 10 Mb/seg, 2 puntos máis que o ano anterior.

Nas empresas de maior tamaño, máis da metade xa dispoñen de velocidades superiores aos 10 Mb/seg, e cabe destacar que ao redor do 10% xa conta con velocidades ultrarrápidas superiores aos 100 Mb/seg.

G.41. VELOCIDADE CONTRATADA

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

Respecto aos usos de Internet que presentan as diferentes tipoloxías de empresas, non se aprecian variacións, destacando principalmente a procura de información, como plataforma de comunicación e para obter servizos bancarios e financeiros.

G.42. USOS DE INTERNET NAS EMPRESAS

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

Máis da metade das empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as con actividade en Galicia (54,5%) proporcionaron ao seu persoal algún tipo de dispositivo portátil que permite a conexión móbil á Internet para algún uso empresarial. Este dato nas microempresas con conexión a Internet descende ata un 14,2% o que indica unha baixa penetración destes dispositivos nas empresas pequenas.

Os dispositivos portátiles postos a disposición dos traballadores/as foron maioritariamente smartphones, PDA's ou teléfonos móbiles con conexión a Internet.

G.43. EMPREGO DE DISPOSITIVOS PORTÁTILES

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

II.3. PÁXINA WEB E REDES SOCIAIS

Tres de cada catro empresas de 10 ou máis traballadores/as con actividade en Galicia dispoñen de páxina web. Nas empresas pequenas, esta proporción descende significativamente, de xeito que só unha de cada tres microempresas con conexión a Internet ten un portal web para publicitar a imaxe da empresa.

G.44. DISPOÑIBILIDADE DE PÁXINA WEB
(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

A pesar de que só un 33,2% das microempresas con conexión a Internet ten páxina web, en termos evolutivos, as microempresas galegas experimentaron un incremento moi positivo de páxinas web empresariais, medrando 5,1 puntos porcentuais e situándose 3,5 por riba da media estatal. No caso das grandes empresas que teñen actividade en Galicia, esta porcentaxe subiu 6,8 puntos, converxendo coa media estatal.

G.45. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Disponibilidade de páxina web Comparativa Galicia e España

(%sobre o total de empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia con conexión a Internet)




Fonte: INE

G.46. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Disponibilidade de páxina web Comparativa Galicia e España


(%sobre o total de empresas de 0 a 9 traballadores/as con sede en Galicia con conexión a Internet)



Fonte: INE

Nas páxinas web de uso empresarial os servizos ou utilidades máis presentes nas grandes empresas son a presentación da empresa, a declaración de política de intimidade ou certificación de seguridade e o catálogo de produtos ou listado de prezos.

G.47. SERVIZOS DISPOÑIBLES NA PÁXINA WEB¹
 (% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

(1) Non existen datos para microempresas

Resulta salientable que as redes sociais teñen un grande calado entre as microempresas galegas, de xeito que estas empréganas en maior medida que as empresas de maior tamaño con sede en Galicia.

G.48. REDES SOCIAIS (Facebook, LinkedIn, Tuenti, Google+, Viadeo, Yanner...)
(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE


Os datos de uso das redes sociais polas empresas galegas superan a media estatal xa que experimentaron un significativo crecemento no último ano: No caso das microempresas, o aumento foi de 8,8 puntos e, para as empresas de 10 e máis traballadores/as con actividade en Galicia, o incremento foi de 9,4 puntos.

G.49. REDES SOCIAIS (Facebook, LinkedIn, Tuenti, Google+, Viadeo, Yanner...). EVOLUCIÓN

Empresas que utilizaron os seguintes medios sociais: Redes sociais (Facebook, LinkedIn, tuenti, Google+, Viadeo, Yanner...)

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as)




Fonte: INE

Nota: Os datos do ano 2014 teñen a base sobre o total de empresas mentres que os datos anteriores teñen como base "% sobre o total de empresas con conexión a Internet"

Empresas que utilizaron os seguintes medios sociais: Redes sociais (Facebook, LinkedIn, tuenti, Google+, Viadeo, Yanner...)

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados /as)



Fonte: INE


Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

Nota: Os datos do ano 2014 teñen a base sobre o total de empresas mentres que os datos anteriores teñen como base "% sobre o total de empresas con conexión a Internet"

Outra tipoloxía de medios sociais como blogs de empresas, websites para compartir algún tipo de contidos multimedia ou outras ferramentas de coñecemento basadas en Wiki, tamén foron empregadas de xeito significativo no ano 2014. Das nomeadas, a que máis destacou foron os blogs de empresas ou microblogs, especialmente extendidos nas empresas máis grandes con actividade en Galicia (43,5%) aínda que tamén con importante presenza nas microempresas (26,6%).

G.50. EMPREGO DOUTROS MEDIOS SOCIAIS

(%sobre o total de empresas que usan medios sociais)




Fonte: INE

O desenvolvemento da imaxe da empresa ou de produtos de mercado é a principal motivación para facer uso das redes sociais. En segundo lugar, sitúase a recepción ou envío de opinións de clientes, críticas, reseñas e preguntas.

G.51. USOS DE REDES SOCIAIS

(% sobre o total de empresas que usan medios sociais)




Fonte: INE

A gráfica seguinte amosa a valoración da utilidade que proporcionan as redes sociais para o tecido empresarial, constatando que resulta innegable a súa utilidade para todas as empresas independentemente do seu tamaño

G.52. UTILIDADE DOS MEDIOS SOCIAIS PARA A XERACIÓN OU DESENVOLVEMENTO DO SEU NEGOCIO

(% sobre o total de empresas que usan medios sociais)




Fonte: INE

II.4. COMERCIO ELECTRÓNICO

O comercio electrónico é un indicador que amosa diferenzas significativas en función do tamaño das empresas. O 7,9% das microempresas galegas e unha de cada catro das de 10 ou máis traballadores/as compraron a través de Internet no último ano.

G.53. COMPRAS POR INTERNET NO ÚLTIMO ANO
(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

A porcentaxe de microempresas que compraron a través de Internet no último ano descendeu un punto porcentual respecto ao ano anterior mentres que nas empresas de 10 e máis traballadores/as, esta porcentaxe mellorou máis de 5,5 puntos porcentuais.


G.54. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que compraron a través de Internet no último ano
(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados / as)



Fonte: INE

Empresas que compraron a través de Internet no último ano
(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados / as)




Fonte: INE

Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

De novo o tamaño da empresa inflúe de xeito decisivo nas vendas electrónicas. Os datos amosan que o 20,6% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con actividade en Galicia venderon a través de Internet. En cambio, nas empresas de 0 a 9 empregados / as o valor redúcese ata o 4,6%, aínda que, como veremos de seguido, a evolución foi moi positiva comparativamente a anos anteriores.

G.55. VENDAS POR INTERNET NO ÚLTIMO ANO (% sobre o total de empresas)



Fonte: INE


Nas microempresas, o crecemento da venda online foi de 2,4 puntos porcentuais, duplicando o dato do ano anterior e superando lixeiramente a media estatal. Nas empresas de 10 ou máis traballadores / as galegas, o crecemento foi de máis de 4 puntos e, tamén se sitúa por riba da media estatal.

G.56. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que venderon a través de Internet no último ano

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as)




Fonte: INE

Empresas que venderon a través de Internet no último ano

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados)




Fonte: INE

Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

A seguinte gráfica aporta un dato relevante, xa que atopamos que a tipoloxía de clientes varía moito segundo o tamaño da empresa e segundo a súa ubicación. Deste modo, as empresas de maior tamaño que teñen actividade en Galicia dirixen a súa actividade empresarial cara a outras empresas (76,1%), mentres que os consumidores finais son os clientes habituais das microempresas (86,6%) e das empresas de 10 ou máis traballadores / as pero con sede en Galicia (83,3%).

G.57. DISTRIBUCIÓN DE VENDAS SEGUNDO O TIPO DE CLIENTE

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

Tamén inflúe o tamaño na área xeográfica na que comercializan os produtos, aínda que España é o territorio predominante cara onde as nosas empresas dirixen a súa actividade, a Unión Europea e o resto do mundo son lugares que teñen certa relevancia para as empresas de maior tamaño.

G.58. DISTRIBUCIÓN DE VENDAS SEGUNDO A ÁREA XEOGRÁFICA

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

II.5. INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET

Nove de cada dez empresas de 10 ou máis empregados/as interactúan coas Administracións Públicas a través de Internet, ademais o valor deste indicador para as microempresas é significativamente elevado, xa que dúas de cada tres microempresas fan xestións coa Administración a través da Rede.

G.59. INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET
(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

A gráfica de evolución da interacción das empresas galegas amosa que o indicador continúa coa progresión positiva, situándose por riba da media estatal en todos os estratos.

G.60. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet no último ano
Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados /as con conexión a Internet)



Fonte: INE


Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

G.61. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet no último ano

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as con conexión a Internet)




Fonte: INE

A interacción coas Administracións a través de Internet para obter algún tipo de información, é o trámite máis demandado, como podemos ver nas seguintes gráficas.

Este indicador amosa un crecemento positivo durante os últimos anos, polo que se converte nun trámite, cada vez máis demandado. Así, máis da metade das microempresas galegas interacciona para a busca de información. Nas empresas de maior tamaño esta porcentaxe sube ata o 82,6% nas que teñen a súa actividade na Comunidade Galega.

G.62. INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO ANO PARA OBTEN INFORMACIÓN

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

G.63. EVOLUCIÓN DO INDICADOR


Empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet no último ano para obter información Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as con conexión a Internet)



Fonte: INE

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as con conexión a Internet)



Fonte: INE


Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

A obtención de formularios das Administracións de xeito online é o segundo trámite máis demandado polas empresas a través da Rede. Un 49,7% das empresas de 0 a 9 traballadores / as empregaron Internet para obter formularios mentres que nas empresas de maior tamaño con actividade en Galicia acadaron o 80,7%.

Se se observan estes datos en termos evolutivos, visualízase un crecemento moi positivo, ao redor de 5 puntos, apuntando unha tendencia de incremento progresivo nos vindeiros anos.

G.64. INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO ANO PARA OBTEN FORMULARIOS

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

G.65. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet no último ano para obter formularios


Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as con conexión a Internet)



Fonte: INE

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as con conexión a Internet)




Fonte: INE

Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

O último indicador relativo ás relacións das empresas coas administracións públicas a través de Internet é cumprimentación de impresos a través de Internet, que non resultando tan elevado, quizais como os anteriores, constitúe tamén un dato moi favorable: o 32,3% das empresas pequenas realizan este tipo de accións a través de Internet fronte ao dobre das empresas con sede en Galicia (66,3%) ou o 70,2% das empresas con actividade en Galicia. Analizando a evolución deste indicador, obsérvase un incremento de ao redor de 5 puntos porcentuais no último ano.

G.66. INTERACCIÓN COAS AAPP A TRÁVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO ANO PARA DEVOLVER IMPRESOS CUMPRIMENTADOS

(% sobre o total de empresas e con conexión a Internet)




Fonte: INE

G.67. EVOLUCIÓN DO INDICADOR


Empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet no último ano para devolver impresos cumprimentados Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as con conexión a Internet)



Fonte: INE

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as con conexión a Internet)




Fonte: INE

Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

Tres de cada catro empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as con conexión a Internet realizan declaracións de impostos a través da Rede. No caso das microempresas, a porcentaxe sitúase no 40,5%, o que pon de manifesto unha significativa utilización de Internet para realizar este tipo de trámites coas Administración. En termos evolutivos, cabe salienta un crecemento de máis de 7 puntos porcentuais na declaración de impostos telemática entre as grandes empresas.


G.68. INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO ANO PARA FACER DECLARACIÓN DE IMPOSTOS Á SEGURIDADE SOCIAL
(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE


Outra das xestións telemáticas máis frecuentes coas Administracións son as declaracións de contribucións á Seguridade Social. Este tipo de trámite foi realizado por máis da metade das empresas de máis de 10 empregados/as mentres que a porcentaxe redúcese máis da metade entre as microempresas galegas. Novamente, rexístrase un incremento significativo deste trámite entre as grandes empresas con incrementos superiores aos 10 puntos.

G.69. INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO ANO PARA FACER DECLARACIÓN DE CONTRIBUCIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL
(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE

III. ANÁLISE SECTORIAL



- ☞ Contratación de Internet: Significativa fenda entre as microempresas do sector Servizos (70,3%) e da Construción (39,4%).
- ☞ O sector Servizos presenta as porcentaxes máis elevadas de presenza nas redes sociais entre as grandes empresas mentres que entre as microempresas destacan as do sector Construción.

III.1. ANALISE SECTORIAL

Nesta análise sectorial abórdanse os indicadores principais dende a perspectiva do sector de actividade ao que se adican. En primeiro lugar, preséntanse os indicadores en tres grandes sectores de actividade: Industria, Construción e Servizos e, posteriormente, realízase unha análise sectorial máis detallada para unha selección dos indicadores das grandes empresas.


En concreto, profundizarase nos indicadores de dispoñibilidade de Internet e Banda Larga, páxina web, redes sociais, comercio electrónico e a interacción coas Administracións Públicas de xeito telemático.

Equipamentos e servizos TIC

Dacordo coa actividade empresarial, non se observan diferenzas entre as empresas máis grandes porque están próximas ao 100% de dispoñibilidade de ordenador mentres que, nas microempresas existen diferenzas salientables entre o sector Servizos, cun 74,1% de disposición de ordenador, fronte ao 39,7% que rexistra o sector da Construción.

G.70. EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE ORDENADORES SEGUNDO A ACTIVIDADE


(% sobre o total de empresas)



As empresas de máis de 10 empregados/as adicadas ao sector Servizos compran en maior medida solucións de Cloud Computing. De novo o sector da Construción destaca por ter pouca predisposición ao manexo de ferramentas relacionadas coas TIC's, neste caso co Cloud Computing. Ademais, en xeral, os datos de uso do Cloud Computing entre as microempresas son aínda moi baixos.

G.71. SOLUCIÓNS DE CLOUD COMPUTING SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

Pormenorizadamente, as empresas de máis de 10 empregados/as adicadas á Alimentación (18,7%) ou a Venda e reparación de vehículos (18,4%), son as que máis demandan solucións de Cloud Computing, como amosa a seguinte gráfica.

G.72. SOLUCIÓNS DE CLOUD COMPUTING SEGUNDO O CNAE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia de 10 ou máis traballadores/as e conexión a Internet)




Fonte: INE

Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.

A recepción de facturas electrónicas sobresaes, independemente do tamaño da empresa, nas empresas relacionadas co sector Servizos. O envío de efacturas, en cambio, faise en maior medida nas empresas do sector Industria, aínda que os datos para as microempresas son escasamente significativos.

G.73. EMPRESAS QUE RECIBIRON FACTURAS ELECTRÓNICAS SEGUNDO A ACTIVIDADE


(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE

G.74. EMPRESAS QUE ENVIARON FACTURAS ELECTRÓNICAS SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

No desglose concreto de actividade relativo ás facturas electrónicas, obsérvanse diferenzas significativas. Na recepción de facturas, destacan as empresas relacionadas con actividades profesionais, científicas (28%) ou de aloxamentos (26,3%). No envío de facturas en cambio, destacan de novo as empresas adicadas a aloxamento (46,9%), pero tamén as de alimentación (44,7%).

G.75. EMPRESAS QUE RECIBIRON FACTURAS ELECTRÓNICAS SEGUNDO O CNAE

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados / as con sede en Galicia)




Fonte: INE

Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.

G.76. EMPRESAS QUE ENVIARON FACTURAS ELECTRÓNICAS SEGUNDO O CNAE

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados / as con sede en Galicia)




Fonte: INE

Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.

Independentemente do tamaño das empresas, o sector que destaca en canto a proporcionar actividades formativas TIC ao seu persoal é o de Servizos, especialmente se o comparamos co da Construción.

G.77. ACTIVIDADES FORMATIVAS TIC AOS SEUS EMPREGADOS / AS SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

Ao desglosar as actividades nas empresas de 10 e máis empregados/as, cabe destacar que no sector de Actividades inmobiliarias un 59,6% das empresas facilitou formación en TIC's aos seus empregados / as.

G.78. ACTIVIDADES FORMATIVAS TIC AOS SEUS EMPREGADOS / AS SEGUNDO O CNAE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia de 10 ou máis traballadores/as)



Fonte: INE


Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.

III.2. Internet e banda larga

Nas empresas de 10 e máis empregados/as, a conexión a Internet está xeralizada pero obsérvase unha significativa fenda entre as microempresas do sector Servizos (70,3%) e da Construción (39,4%).

G.79. EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE CONEXIÓN A INTERNET SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

A análise da banda larga móbil (tablets, netbooks, notebook, teléfonos móbiles, etc) por sector de actividade amosa datos moi significativos: no caso das microempresas destaca a conexión de banda larga mediante dispositivos móbiles para o sector da Construción. Non obstante, na Industria, a presenza de banda larga móbil é soamente do 41,6%.

G.80. ACCESO A INTERNET A TRAVÉS DE BANDA LARGA MÓBIL SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

A banda larga móbil está amplamente implantada en todos os sectores produtivos das empresas de 10 e máis empregados/as, destacando especialmente o sector de Enerxía e auga, xunto co sector da Información e comunicación.

G.81. ACCESO A INTERNET A TRAVÉS DE BANDA LARGA MÓBIL SEGUNDO O CNAE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia de 10 ou máis traballadores/as e conexión a Internet)



Fonte: INE


Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.

III.3. Páxina web e redes sociais

O tamaño da empresa, xunto co sector de actividade, inflúen de xeito claro na dispoñibilidade de páxina web, acadando os valores máis elevados no sector Servizos no caso das empresas máis grandes e no sector Industria no caso das microempresas.

G.82. DISPOÑIBILIDADE DE PAXINA WEB SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

A gráfica seguinte amosa como, efectivamente, a CNAE introduce diferenzas á hora de dispoñer de páxina web de empresa. As actividades que máis destacan pola súa presenza na Rede son as do sector inmobiliario e información ou comunicación.

G.83. DISPOÑIBILIDADE DE PÁXINA WEB SEGUNDO O CNAE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia de 10 ou máis traballadores/as e conexión a Internet)




Fonte: INE

Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.

O sector Servizos presenta as porcentaxes máis elevadas de presenza nas redes sociais (Facebook, LinkedIn, Tuenti, Google +, Viadeo, Yanner...) entre as empresas de 10 e máis empregados/as mentres as microempresas do sector Construción destacan no uso das redes sociais.

G.84. REDES SOCIAIS (Facebook, LinkedIn, Tuenti, Google+, Viadeo, Yanner...) SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

A gráfica seguinte amosa a importancia para as diferentes actividades de ter presenza nas redes sociais. Destacamos o feito de que os CNAE's de Información e Comunicación, ou Aloxamento teñen porcentaxes moito máis elevados que a media, dun 94% e dun 87% respectivamente.

G.85. REDES SOCIAIS (Facebook, LinkedIn, Tuenti, Google+, Viadeo, Yanner...) SEGUNDO O CNAE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia de 10 ou máis traballadores/as)




Fonte: INE

Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.

III.4. Comercio electrónico

O sector que destaca polas compras a través de Internet é, sen lugar a dúbida, o de Servizos. Neste sector atopamos un dato de compra a través de Internet nas microempresas do 9,9% fronte a un insignificante 0,6% nas microempresas adicadas á Construción. Esta fenda no sector Servizos reproducécese igualmente cas empresas de maior tamaño, acadando un 32,3% tamén no sector Servizos e descendendo ata un 12,8% na Construción. No que respecta ás vendas a través de Internet, as microempresas presentan valores moi baixos de uso de comercio electrónico e, entre as empresas máis grandes, destacan o sector Servizos e a Industria, en contraposición coa case inexistencia de vendas no sector Construción.


**G.86. EMPRESAS QUE COMPRARON A TRAVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO ANO
SEGUNDO A ACTIVIDADE**
(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE

G.87. EMPRESAS QUE VENDERON A TRAVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO ANO SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

III.5. Interacción coas AAPP a través de Internet

A interacción coas Administracións Públicas a través de Internet supera o 90% en todos os sectores produtivos das empresas máis grandes mentres que, entre as microempresas, acádanse os mellores resultados no sector Servizos.


G.88. INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO ANO SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE

IV. ANÁLISE POR PROVINCIAS



☞ A conexión de banda larga a través de tecnoloxía móbil está cada vez máis estendido nas empresas galegas: nas empresas de máis persoal destacan as de Ourense e, entre as microempresas destacan as de Lugo.

☞ As microempresas de Lugo tamén son as máis activas nas vendas a través da Rede, mentres que, entre as máis grandes, destacan as de Pontevedra e Ourense


IV. DATOS A NIVEL PROVINCIAL

IV.1. Equipamentos e servizos TIC

A dispoñibilidade de ordenador está xeralizada nas empresas máis grandes mentres que nas microempresas, as porcentaxes máis altas corresponden a Lugo e Ourense.

G.89. EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE ORDENADORES SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

A provincia de Pontevedra rexistra a maior porcentaxe de utilización das solucións de Cloud Computing en empresas de 10 ou máis traballadores / as (15,2%) e as microempresas de Ourense (11,3%) son as que sobreaen comparativamente respecto das microempresas das demais provincias.

G.90. SOLUCIÓNS DE CLOUD COMPUTING SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

Entre as empresas de 10 e máis empregados/as, as empresas con sede en Ourense e Pontevedra son as que reciben e envían facturas electrónica en maior medida. Resultan salientables as baixas porcentaxes que rexistran as microempresas galegas no envío de facturas electrónicas, con valores inferiores ao 4% en todas as provincias.

G.91. EMPRESAS QUE RECIBIRON FACTURAS ELECTRÓNICAS SEGUNDO A PROVINCIA


(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE

G.92. EMPRESAS QUE ENVIARON FACTURAS ELECTRÓNICAS SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

As actividades formativas TIC teñen escasa relevancia entre as microempresas galegas, agás no caso de Ourense (9,6%). Nas empresas máis grandes, unha de cada catro empresas de Lugo e Ourense proporcionaron actividades formativas TIC aos seus empregados/as.

G.93. ACTIVIDADES FORMATIVAS TIC AOS SEUS EMPREGADOS / AS SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

IV.2. Internet e banda larga

A seguinte gráfica amosa a importancia de Internet no tecido empresarial, amplamente estendido nas grandes empresas, independentemente da súa ubicación. Entre as microempresas, soamente as ubicadas na Coruña sitúanse por baixo da media na contratación de Internet.

G.94. EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE CONEXIÓN A INTERNET SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

A conexión de banda larga a través de tecnoloxía móbil (tablets, netbooks, notebooks, telefonía móbil, etc) está cada vez máis estendido nas empresas galegas. Nas empresas de máis persoal destacan as de Ourense, cun 84% e, entre as microempresas destacan as de Lugo.

G.95. ACCESO A INTERNET A TRAVÉS DE BANDA LARGA MÓBIL SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

IV.3. Páxina web e redes sociais

Nas empresas máis grandes existe unha diferenza considerable entre as de Pontevedra, onde un 79,6% das empresas ten páxina web, respecto das de Lugo, onde un 57,2% afirma ter web empresarial, o que se traduce en máis de 22 puntos porcentuais de contraste entre as grandes empresas destas dúas provincias. Por outra banda, entre as empresas de menor tamaño destaca a porcentaxe das microempresas da Coruña.

G.96. DISPOÑIBILIDADE DE PÁXINA WEB SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

Analizando a seguinte gráfica, obsérvase unha maior presenza activa nas redes sociais nas microempresas das provincias de Lugo e A Coruña, con valores superiores aos acadados polas grandes empresas, poñendo de manifesto a utilidade deste medio social nas pequenas empresas.

**G. 97. REDES SOCIAIS (Facebook, LinkedIn, Tuenti, Google+, Viadeo, Yanner...)
SEGUNDO A PROVINCIA**

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

IV.4. Comercio electrónico

Obsérvase unha maior tendencia ás compras a través de Internet nas empresas ubicadas en Lugo e Ourense, independentemente do seu tamaño.

G.98. EMPRESAS QUE COMPRARON A TRAVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO ANO SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

En canto ás vendas, de novo destacan as microempresas de Lugo mentres que, entres as máis grandes, son as empresas de Pontevedra e Ourense as máis activas nas vendas a través da Rede.

G.99. EMPRESAS QUE VENDERON A TRAVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO ANO SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

IV.5. Interacción coas AAPP a través de Internet

A interacción coas Administracións Públicas empregando Internet é habitual nas empresas de 10 ou máis traballadores / as, xa que apenas hai contrastes importantes segundo a provincia. Nas máis pequenas, en cambio si observamos unha maior predisposición a interaccionar coas AAPP na provincia de Lugo (un 78,6%).

G.100. INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET SEGUNDO A PROVINCIA
(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE

V. CONCLUSIONES

Caracterización do sector empresarial

- ☞ No ano 2013 Galicia contaba con 205.519 empresas; das que o 95,8% eran microempresas (con menos de 10 traballadores/as).
- ☞ O 74,2% das empresas galegas ubícanse nas provincias da Coruña e Pontevedra (40,9% na Coruña e 33,3% en Pontevedra).
- ☞ A actividade concéntrase fundamentalmente no sector servizos, onde se inscriben o 76,8% das empresas galegas.
- ☞ O 55,5% das empresas galegas están establecidas baixo a forma xurídica de “persoas físicas”, e o 44,5% restante son formas societarias e outras formas xurídicas.

Equipamento e servizos TIC

- Dúas de cada tres microempresas galegas está equipada con ordenador, mentres que a práctica totalidade das empresas de maior tamaño dispón deste equipamento básico.
- Máis da metade das microempresas (51,2%) emprega algunha tipoloxía de software de código aberto, incrementándose significativamente no último ano (aumento de 6,9 puntos) Nas empresas máis grandes con sede en Galicia, a porcentaxe elévase ata o 85% e o incremento foi de máis de 10 puntos porcentuais.
- Tres de cada catro empresas galegas de 10 ou máis traballadores / as emprega a sinatura dixital nas comunicacións empresariais.
- O tamaño da empresa inflúe de xeito decisivo na compra de solucións de Cloud Computing: Un 3,5% das microempresas galegas compraron este tipo de solucións, elevándose esta porcentaxe ata o 15,8% nas empresas máis grandes con actividade en Galicia.
- As solucións de Cloud Computing que máis compraron as empresas galegas foron o almacenamento de ficheiros, servidores de bases de datos e o correo electrónico. O tamaño da empresa, de novo, inflúe no tipo de aplicacións, xa que a compra de solucións Cloud par ao e-mail nas microempresas é dun 80,5% mentres que nas de

máis traballadores/as sitúase nun 63%.

- O tamaño da empresa é igualmente un factor decisivo que inflúe na decisión de comprar ou non solucións de Cloud Computing: nas microempresas, as dúas principais barreiras son o temor a ter fendas de seguridade xunto coas dificultades para anular a subscripción ou cambiar o servidor que dispoñen actualmente. Nas empresas máis grandes, con 10 ou máis traballadores / as, aluden a outras problemáticas para a compra desta tecnoloxía, como a incertidume sobre a lexislación aplicable ou dúbidas acerca da xurisdición competente xunto co descoñecemento sobre onde se atopan os datos.
- Unha de cada catro empresas de 10 e máis traballadores/as con actividade en Galicia enviou facturas electrónicas. Tanto no caso de recepción como de envío de efacturas, as grandes empresas galegas superan a media estatal.

Contratación de Internet

- A práctica totalidade das empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as ten acceso a Internet contratado; mentres que nas microempresas esta porcentaxe é dun 62,7%. Ademais, todas as empresas con conexión a Internet xa acceden a través de solucións de calidade.
- Ao redor do 60% das empresas de 10 ou máis empregados/as proporcionaron ao seu persoal acceso remoto ao correo electrónico, documentos ou aplicacións da empresa a través de Internet fixa, sen fíos ou móbil. Nas microempresas esta porcentaxe resulta significativamente inferior, cun 17,3%.
- O acceso a Internet mediante a Banda Larga móbil xa está presente en tres de cada catro empresas de 10 ou máis traballadores/as. Nas microempresas o indicador é tamén moi positivo, cun 63,4% de microempresas con Internet que xa contratan banda larga móbil e cun ritmo de crecemento superior que o estatal (aumenta 11,4 puntos fronte ao 9,6 da media estatal). Isto permitiu reducir a fenda de 4,8 a 3 puntos.
- Catro de cada dez microempresas con conexión á Rede teñen contratado velocidades de acceso a Internet maiores a 10 Mb/seg, 2 puntos máis que o ano anterior. Nas empresas de maior tamaño, máis da metade xa dispoñen de velocidades superiores aos 10 Mb/seg, e cabe destacar que ao redor do 10% xa conta con velocidades ultrarrápidas superiores aos 100 Mb/seg.

- Máis da metade das empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as con actividade en Galicia (54,5%) proporcionaron ao seu persoal algún tipo de dispositivo portátil que permite a conexión móbil á Internet para algún uso empresarial. Este dato nas microempresas con conexión a Internet descende ata un 14,2% o que indica unha baixa penetración destes dispositivos nas empresas pequenas. Os dispositivos portátiles postos a disposición dos traballadores/as foron maioritariamente smartphones, PDA's ou teléfonos móbiles con conexión a Internet.

Páxina web e redes sociais

- Tres de cada catro empresas de 10 ou máis traballadores/as con actividade en Galicia dispoñen de páxina web. Nas empresas pequenas, esta proporción descende significativamente, de xeito que unha de cada tres microempresas con conexión a Internet ten un portal web para publicitar a imaxe da empresa
- En termos evolutivos, as microempresas galegas experimentaron un incremento moi positivo de páxinas web empresariais, medrando 5,1 puntos porcentuais e situándose 3,5 por riba da media estatal. No caso das grandes empresas que teñen actividade en Galicia, esta porcentaxe subiu 6,8 puntos, converxendo coa media estatal.
- Resulta salientable que as redes sociais teñen un grande calado entre as microempresas galegas, de xeito que estas empréganas en maior medida que as empresas de maior tamaño, con sede en Galicia. Os datos de uso das redes sociais polas empresas galegas superan a media estatal xa que experimentaron un significativo crecemento no último ano: No caso das microempresas, o aumento foi de 8,8 puntos e, para as empresas de 10 e máis traballadores/as con actividade en Galicia, o incremento foi de 9,4 puntos.
- Outra tipoloxía de medios sociais como blogs de empresas, websites para compartir algún tipo de contidos multimedia ou outras ferramentas de coñecemento basadas en Wiki, tamén foron empregadas de xeito significativo no ano 2014. Das nomeadas, a que máis destacou foron os blogs de empresas ou microblogs, especialmente extendidos nas empresas máis grandes con actividade en Galicia (43,5%) aínda que tamén con importante presenza nas microempresas (26,6%).

Comercio electrónico

- O 7,9% das microempresas galegas e unha de cada catro das de 10 ou máis traballadores/as compraron a través de Internet no último ano. Nas empresas de 10 e máis traballadores/as, esta porcentaxe mellorou máis de 5,5 puntos porcentuais.
- De novo o tamaño da empresa inflúe de xeito decisivo nas vendas electrónicas. Os datos amosan que o 20,6% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con actividade en Galicia venderon a través de Internet. En cambio, nas empresas de 0 a 9 empregados / as o valor redúcese ata o 4,6%.
- Nas microempresas, o crecemento da venta online foi de 2,4 puntos porcentuais, duplicando o dato do ano anterior e superando lixeiramente a media estatal. Nas empresas de 10 ou máis traballadores/as galegas, o crecemento foi de máis de 4 puntos e, tamén se sitúan por riba da media estatal.
- España é o territorio predominante cara onde as empresas galegas dirixen a súa actividade, a Unión Europea e o resto do mundo son lugares que teñen certa relevancia para as empresas de maior tamaño

Interacción coas Administracións Públicas a través de Internet

- Nove de cada dez empresas de 10 ou máis empregados/as interactúan coas Administracións Públicas a través de Internet, ademais o valor deste indicador para as microempresas é significativamente elevado, xa que dúas de cada tres microempresas fan xestións coa Administración a través da Rede. O indicador continúa coa progresión positiva, situándose por riba da media estatal.
- Tres de cada catro empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as con conexión a Internet realizan declaracións de impostos a través da Rede. No caso das microempresas, a porcentaxe sitúase no 40,5%. En termos evolutivos, cabe salientarse un crecemento de máis de 7 puntos porcentuais na declaración de impostos telemática entre as grandes empresas.
- Outra das xestións telemáticas máis frecuentes coas Administracións son as declaracións de contribucións á Seguridade Social. Este tipo de trámite foi realizado por máis da metade das empresas de máis de 10 empregados/as mentres que a porcentaxe redúcese máis da metade entre as microempresas galegas. Novamente, rexístrase un incremento significativo deste trámite entre as grandes empresas con

incrementos superiores aos 10 puntos.

Formación TIC

- As empresas con máis persoal son as que máis actividades formativas proporcionan aos seus empregados/as. O crecemento das actividades formativas en TIC durante o ano 2014 foi maior nas grandes empresas galegas que nas estatais así a media estatal medrou 2,7 puntos porcentuais, mentres que nas empresas con actividade en Galicia este incremento supuxo uns 6,7 puntos máis que no ano 2013. Isto permitiu que as grandes empresas con actividade en Galicia superen á media estatal en actividades formativas TIC.

Análise sectorial

- Contratación de Internet: Significativa fenda entre as microempresas do sector Servizos (70,3%) e da Construción (39,4%).
- O sector Servizos presenta as porcentaxes máis elevadas de presenza nas redes sociais entre as grandes empresas mentres que entre as microempresas destacan as do sector Construción.

Análise provincial

- A conexión de banda larga a través de tecnoloxía móbil está cada vez máis estendido nas empresas galegas: nas empresas de máis persoal destacan as de Ourense e, entre as microempresas destacan as de Lugo.
- As microempresas de Lugo tamén son as máis activas nas vendas a través da Rede, mentres que, entre as máis grandes, destacan as de Pontevedra e Ourense

ANEXO: DESCRIPCIÓN CNAES 2009

1. Total Industria:

1.1. Alimentación, bebidas, tabaco, textil, pezas de vestir, coiro e calzado, madeira e cortiza, papel, artes gráficas e reprodución de soportes gravados (CNAE 10-18)

1.2 Coquería e refino de petróleo, produtos farmacéuticos, caucho e plásticos, produtos minerais non metálicos (CNAE 19-23)

1.3 Metalurxia fabricación de produtos metálicos (CNAE 24-25)

1.4. Produtos informáticos, electrónicos e ópticos, material e equipo eléctrico, maquinaria e equipo, vehículos a motor, material de transporte, mobles e outras industrias manufactureiras, reparación de maquinaria e equipo (CNAE 26-33)

1.5. Enerxía e agua (CNAE 35-39)

2. Construción (CNAE 41-43)

3. Total Servicios: (excluídas CNAE 56: servizos de comidas e bebidas, CNAE 75 e financeiras)

3.1. Venda e reparación de vehículos de motor, comercio polo xunto e polo miúdo (CNAE 45-47)

3.2. Transporte e almacenamento (CNAE 49-53)

3.3. Servizos de aloxamento (CNAE 55)

3.4. Información e comunicacións (CNAE 58-63)

3.5. Actividades inmobiliarias (CNAE 68)

3.6. Actividades profesionais, científicas e técnicas (agás as veterinarias) (CNAE 69-74)

3.7. Actividades administrativas e servizos auxiliares (incluídas axencias de viaxes) (CNAE 77-82)

4. Sector TIC (261-264, 268, 465, 582, 61, 6201, 6202, 6203, 6209, 631, 951)

